



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro martes, **8 de marzo**, Día Internacional da Muller, os sindicatos e organizacións do xuvenís convocaron mobilizacións e unha “folga estudantil feminista”. Polo que respecta ao alumnado, tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”

Comunicámoslles que a Xunta de Delegados/as, reunida esta semana, anunciou a súa intención de apoiar as mobilizacións previstas, e de xeito especial a **folga feminista**. Segundo o regulamento do centro, **agardamos que os proxenitores ou titores legais do alumnado menor de idade asinen o recibo da información**.

Por último, lembramos que nos servizos de transporte, oficina e docencia continuarán en funcionamento para atender ás alumnas e alumnos que no exercicio do seu dereito asistan a clase.

O director

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: ..... de ..... de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

**alumna** do curso..... grupo.....

**COMUNICA** a recepción desta circular informativa sobre a *folga estudantil feminista* convocada para o 8 de marzo de 2022.

Asdo:.....